

Boa tarde,

Quero empezar por agradecer ao alumnado do Máster que me escolleran madriña. É unha honra ser a vosa madriña.

Quero agradecervos o bo ambiente que se acadou na clase. A min vaime no soldo e na profesión vos convencer da necesidade e dos grandes beneficios de estudar matemáticas avanzadas pero vos puxéstedes moi boa vontade, hai que recoñecelo. Recordo perfectamente a distribución na aula, un pouco dispersos, xente en tódalas filas. Na primeira Iván e Borja separados, despois Cinthia e Alejandro, ao lado pero separados Oscar e Sergio e detrás aínda estaban Santiago, Carolina e Brahim. Sobre todo os primeiros días, eu miraba a vosa cara como de pensar, ¿pero onde vai esta muller, con estas ecuacións e estas formulacións e preguntando si nos acordamos das matemáticas de primeiro?. Para min foi motivador ver que enseguida empezástedes a facer preguntas, entre vos e a min !queriades entender e aprender! E aprobar claro. Así que coincidiamos en tódolos obxectivos. A partir destes comportamentos vosos vou cumprir co que se espera de una madriña, dar un consello. No momento de afrontar os vosos retos profesionais mantede esta actitude: intentade entender o que se pide que fagades, escoitade a quen volo propón sen prexuízos e visualizade tamén o que vos pode beneficiar persoalmente superar ese reto.

Felicitacións pola titulación que rematades. Sodes Enxeñeiros e Enxeñeiras, de Minas. Coa vosa formación tedes moitas portas abertas no mercado laboral. Eu deséxovos moitos éxitos profesionais, entendendo como éxito o que cada un de vos considere que da un resultado feliz ou favorable (isto é o que pon o dicionario). Neste senso vos recomendo que busquedes o voso éxito.

Non me podo resistir de contar que fai dous anos eu estaba aquí tamén como madriña do máster e así, a lo loco!, animaba ás persoas que remataban os graos a cursar o Máster de enxeñaría de Minas na universidade de Vigo . Eu díxenlles que era unha moi boa opción para continuar estudos e que eu xa os vía como futuros afillados. Pois fixéronme caso e aquí estou de volta. Non vos digo nada e dígovolo todo graduados!!. Noraboa pola graduación.

Tamén cos vosos graos tedes portas abertas no mercado laboral e moitas opcións de máster para completar a vosa formación. Sorte na elección de que facer, non é fácil.

Independentemente de a que vos dediquedes profesionalmente penso que un bo obxectivo pode ser aproveitar os vosos recursos naturais (a intelixencia, a empatía, o voso tempo) de forma eficiente e sostible. Iso que se aprende nesta escola para os recursos naturais físicos penso que tamén sirve para calquera profesión e para a vida persoal.

Para rematar quero animarvos a contribuír coa vosa vida persoal e profesional, a facer un mundo mellor mais igualitario e respectuoso cos demais e co planeta.

Gracias.